


As grandes metrópoles mundiais

Na **actualidade**, o futuro do planeta está en mans dunhas poucas grandes cidades ou metrópoles mundiais, que exercen unha **grande influencia no planeta**. Estas reciben o nome de **cidades globais**. Son, por exemplo: Nova York, Londres, Tokio, París...entre outras.


Estas cidades **caracterízanse por**:

- * Manter entre si unha **densa rede de conexións**, en canto ós transportes e comunicacións (aéreas, terrestres ou telemáticas).
- * Concentrar un **gran número de funcións** (políticas, financeiras, tecnolóxicas ou culturais) a escala mundial.
- * Ser centros de **grandes decisións políticas e económicas**, que afectan a millóns de persoas.



Metrópolis superpobladas

Mayores áreas urbanas en millones de habitantes (2021)



Actividade sobre as grandes metrópoles

Elabora un **documento** (pode ser un documento de LibreOffice, unha presentación elaborada en LibreOffice Impress ou Canva...) no que inclúas **imaxes e textos e respostas** ás seguintes cuestións:

1. Define "*cidade global*".
2. Ordena as **tres cidades** con **maior poboación** mundial.
3. Indica cal é o **continente** que ten un **número maior de grandes metrópoles** ou *megacidades*.
4. Selecciona **unha gran metrópole de cada un destes continentes**: Europa, Asia, América e África. En cada caso, inclúe información sobre:
 - a. A súa localización no mapa mundial.
 - b. O plano da cidade.
 - c. O número de habitantes.
 - d. A súa densidade de poboación.
 - e. Historia: cando se orixinou.
 - f. Economía: principais actividades.
 - g. Fotografías da cidade.
5. **Compara** estas megacidades co **entorno no que vives**. Explica que diferenzas e/ou similitudes cres que hai entre ambos (ex.: en canto a formas de vida, problemas como a contaminación...).

